

1898
1998



Ilustre Colegio Oficial
de Médicos
Pontevedra

Echegaray, 8
Telfs.: 986 851 004 - 986 852 490
Fax: 986 864 205
e-mail: colmedpontevedra@cmpt.es

27 de xuño de 2016

ACTIVIDADES "TEMPO LIBRE" 2016

Estimado/a compañeiro/a:

Pola presente, práceme informarte das actividades que este Colexio de Médicos ten previsto realizar nas datas que se indican, agradecéndote que se estás interesado en participar nalguna delas, pases polas nosas oficinas para formalizar a correspondente inscrición:

TORNEO DE GOLF:

Inscrición para Médicos Colexiados en Pontevedra e familiares (só Esposo/a fillos).

Terá lugar o día 10 de xullo, nas instalacións do Club de Golf "CHAN DO FENTO" - MEIS. O torneo será pechado (Médicos e Familiares) e xogarase baixo a modalidade STABLEFORT 18 buratos.

A inscrición dos compañeiros Médicos e Familiares será subvencionada polo Colexio e inclúe, ademais da participación, refrixerio no Campo de Golf-Burato 9. A entrega de premios será ás 19,00 horas nas instalacións do Club e ao finalizar servirase un viño español

Data límite de Inscrición: 7 de xullo- 13,00 horas. As inscricións deberán presentarse exclusivamente na Sede do Colexio Oficial de Médicos de Pontevedra, c/ Echegaray 8 e na nosa Delegación Comarcal en Vigo, c/ Ecuador 84, especificando número de licenza e hándicap.

PREMIOS:

1^{er} Clasificado/a 1^a categoría hándicap menor de 12.

1^{er} Clasificado/a 2^a categoría hándicap maior o igual de 12 e menor de 24.

1^{er} Clasificado/a 3^a categoría hándicap maior o igual de 24 ata 36.

Clasificación Especial para menores de 21 anos:

1^o Clasificado/a.

PREMIOS ESPECIAIS:

Mellor Médico/a

Mellor Sénior.

Tense prevista a entrega de regalos e realizarase un sorteo de material.

CONCURSO DE PINTURA:

Inscripción para Médicos Colexiados en Galicia e familiares (só Esposo/a e fillos).

Os cadros deberán presentarse na Sede do Colexio Oficial de Médicos de Pontevedra (c/ Echegaray, 8), e na Delegación Comarcal do Colexio Médico en Vigo (c/ Ecuador 84), debidamente enmarcados (tamaño mínimo 50 x 65 cm e máximo 100 x 100 cm), antes das **13,00 horas do día 28 de xullo de 2016**. Se o número de obras presentadas excedese as Trinta, realizaríase unha selección previa por parte do Xurado para pasar á fase de concurso. O tema será libre. A obra presentarse baixo pseudónimo, achegando en sobre pechado o nome do autor, dirección, teléfono e número de colexiado. **Só se admitirá unha obra por autor.**

As obras premiadas quedarán en propiedade deste Colexio Oficial de Médicos de Pontevedra.

Os interesados en participar, que procedan doutra provincia, deberán acreditar a súa condición de colexiado na Comunidade Autónoma Galega, con certificación do Colexio, na que conste que se encontra de alta, que non foi sancionado e que haxa ao corrente das cotas colexiais

Premios:

- **1^{er} Premio: 3.500 Euros e Diploma.**
- **2^o Premio: 2.000 Euros e Diploma.**
- **Accésit A. M. A: 600 € e Diploma.**

CONCURSO DE FOTOGRAFIA:

Poderán participar todos os Médicos colexiados nesta Provincia e ao corrente no pagamento das súas cotas colexiais. O tema será libre. As dimensións máximas das obras serán de: **60x50cm**.

As fotografías (tanto en branco e negro como en cor) se presentarán montadas sobre cartón pluma e **sen cristal** ao obxecto de poder ser expostas. **Só se admitirá unha obra por autor**, e presentaranse na Sede do Colexio Oficial de Médicos de Pontevedra (c/ Echegaray, 8), e na Delegación Comarcal do Colexio Médicos en Vigo (c/ Ecuador 84). A obra presentarse baixo pseudónimo, achegando en sobre pechado o nome do autor, dirección, teléfono e número de colexiado.

Premios:

- 1^{er} Premio: 800 Euros e Diploma.**
- 2^o Premio: 500 Euros e Diploma.**

A decisión do xurado será inapelable. O Prazo máximo de admisión de obras: **28 de xullo de 2016**. As obras presentadas ao concurso, serán expostas durante o mes de agosto na Delegación Comarcal do Colexio Médico en Vigo (c/ Ecuador, 84), en horario de 09,00 a 14,00 h. A obra gañadora pasará a engrosar os fondos artísticos do Colexio.

Os colexiados que queiran participar en calquera das actividades deberán estar ao corrente no pagamento das súas cotas colexiais.

Sen máis, e esperando contar coa túa participación nas devanditas actividades, recibe un cordial saúdo.



f/. Luis M^o CAMPOS VILLARINO
PRESIDENTE

f/. Pedro SILVA AROCHENA
SECRETARIO XERAL.